

NOTA INFORMATIVA DO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN DUNHA PRAZA DO CORPO AUXILIAR RESERVADA PARA SER CUBERTA POR PERSOA QUE ACREDITE DISCAPACIDADE INTELECTUAL

Lémbrese a todas as persoas aspirantes admitidas neste proceso que o chamamento para **a celebración do 1º exercicio será o 13 de outubro de 2025, ás 10.00 horas, no Salón dos Reis do Parlamento de Galicia**, situado na rúa do Hórreo, número 63, en Santiago de Compostela.

O acceso dos aspirantes ao recinto realizarase polo portón de vehículos da reixa, que está na parte baixa da rúa do Hórreo.

Unha vez alí dirixiranse por dentro do recinto cara á garita da fachada sur do edificio para a súa identificación. Aconséllase acudir coa suficiente antelación para facilitar a identificación previa dos aspirantes e, de ser o caso, do **único acompañante ao que se lle permitirá acceder ao edificio**.

Dentro do edificio, persoal do Parlamento acompañará aos aspirantes e o seu acompañante (só no caso de que sexa preciso) á zona de espera para o chamamento.

Ás 10.00 horas, os membros do Tribunal iniciarán o chamamento por orde alfabética do primeiro apelido comezando pola letra «n», de conformidade co sorteo realizado e publicado na web corporativa.

As persoas aspirantes deberán ir provistas de bolígrafo de cor azul ou negra e só se lles permitirá o acceso á área de realización do exercicio ás que presenten o seu documento nacional de identidade, pasaporte ou carné de conducir (documento orixinal).

Comprobaranse as identidades e serán acompañados ata o lugar onde tomarán asento para realizar o exercicio. **Os posibles acompañantes deberán abandonar a zona de espera e volver ao vestíbulo da planta inferior para evitar molestias e interferencias durante o desenvolvemento do exercicio.**

O exercicio dará comezo unha vez rematado o chamamento e cando xa estean sentadas no lugar asignado todas as persoas aspirantes. Un membro do tribunal lerá as instrucións para realizar o exercicio e ordenará o seu inicio, ademais de indicar a hora de comezo e de remate do exame.

Para a realización do exercicio, estarán ao dispor, na mesa do exame de cada aspirante, as instrucións por escrito para a cobertura do cuestionario; estas instrucións tamén estarán publicadas na páxina web do Parlamento de Galicia (<https://www.parlamentodegalicia.es/Institucion/ProcedementosSelectivos>).

Queda totalmente prohibida a utilización de **axendas electrónicas, reloxos intelixentes ou calquera outro instrumento** do que se poida valer a persoa aspirante para auxiliarse na resolución do exercicio. Este tipo de dispositivos, do mesmo xeito que os teléfonos móbiles, deberán permanecer apagados e gardados ou depositarse no chan durante todo o desenvolvemento das probas.

Lémbrese que o tribunal excluírá a aquelas persoas aspirantes que teñan exercicios nos que figuren marcas ou signos que permitan coñecer a súa identidade.

O secretario do Tribunal